



Confederación Intersindical Galega
BANCA, AFORRO, SEGUROS E OFICINAS

Comunicado nº 20
CONVENIO DE BANCA

Ano novo, AEB... vella

Agardabamos un cambio de actitude da AEB, pero esta non mudou a súa posición.

Hoxe, día 14 de xaneiro, tivo lugar a primeira reunión da Mesa Negociadora do Convenio Colectivo do ano 2004. Todos e todas agardabamos un cambio de actitude por parte da AEB, que permitise achegar posicións avanzando cara a un posible acordo.

As mobilizacións da CIG van continuar. Na manifestación do 19 de decembro en Ourense participaron 200 persoas.

AEB non mudou a súa posición e seguimos sen coñecer unha proposta completa de convenio pola súa parte. A reunión non deu máis de si.

A CIG continuará coas súas mobilizacións na banca. A última foi a manifestación nacional en Ourense o pasado día 19 de decembro, na que participaron ó redor de 200 persoas.

Represión Sindical

Denunciamos a actitude represiva da Subdelegación do Goberno en Pontevedra.

Apertura de expedientes polas mobilizacións da CIG-Banca.

Queremos denunciar tamén aquí, a actitude represiva da Subdelegación do Goberno en Pontevedra, que ten abertos expedientes sancionadores ao Secretario Comarcal de Vigo da Federación de Banca da CIG, e ao Secretario Comarcal de Pontevedra da CIG, pola manifestación celebrada o día 21 de novembro pasado.

Hai expedientes sancionadores abertos pola manifestación de Pontevedra, malia que non houbo incidentes.

Durante esa manifestación, que fora comunicada á Subdelegación do Goberno en tempo e forma e polo tanto era legal, NON HOUBO ningún tipo de incidente. A apertura dos expedientes vén motivada por colocar pegatinas nos bancos, e por realizar asembleas no interior das oficinas. Aparentemente a actuación da autoridade gubernativa responde a unha denuncia do BBVA.

Equivócase a patronal se pensa parar as mobilizacións da CIG coa represión sindical.

Equivócase a AEB se pensa que coa represión sindical van parar as mobilizacións da CIG por un convenio digno.

A vindeira reunión será o día 5 de febreiro.

Galiza, 14 de xaneiro de 2004

